

OBXECTIVOS

- Proporcionar ó persoal directivo, técnico, e adestrador deportivo da provincia da Coruña, que dirixe actualmente escolas deportivas ou clubs deportivos unha formación xeral e útil en materia de dirección e xestión do deporte.
- Identificar as demandas e necesidades reais do persoal directivo e técnico de clubs.
- Pór a disposición do persoal xestor do deporte ferramentas tanto administrativas como técnicas que faciliten o seu labor no eido do deporte.
- Promover a creación de novas iniciativas entre profesionais de entidades públicas e privadas en canto a actividade deportiva.
- Promoción dunha práctica deportiva máis segura que inclúa as persoas participantes e entes organizadores.

LUGAR E DATAS DE REALIZACIÓN

EDICIÓN	CONCELLO	DATA	LUGAR
1ª	Santiago de Compostela	2-3 maio	Centro Sociocultural do Ensanche r/ Frei Rosendo Salvado, nº 14-16 baixo
2ª	Melide	20-21 xuño	Edif. Multiusos Pza. das Universidades s/n
3ª	A Coruña	19-20 setembro	Centro Ágora
4ª	Cee	3-4 outubro	Casa do concello de Cee r/ Domingo Antonio de Andrade, s/n, 2.º andar
5ª	Ribeira	14-15 novembro	Sala Multiusos Manuel Lustres Rivas
6ª	Ferrol	21/22 novembro	Centro Torrente Ballester Rúa Concepción Arenal, s/n

DESTINATARIOS/AS

Persoal directivo, persoal técnico deportivo e/ou xestor de clubs deportivos da provincia da Coruña e persoal técnico deportivo municipal de concellos da provincia da Coruña.

NÚMERO DE PARTICIPANTES

45 prazas/edición

HORARIO

Venres 16:00-20:00 horas

Sábado 10:00-14:00 horas e de 16:00-20:00 horas

Materia	Mestre	Modalidade/ hora	Carga lectiva
Inauguración	Dª. Mariel Padín (deputada de Deportes da Deputación da Coruña) Dª. Dolores Hortas (asesora Deportes Deputación da Coruña)	16:00 horas	
Código deontolóxico do técnico deportivo	Prof. Dr. Víctor Arufe Giráldez	Presencial	2 horas
Bases para a busca de patrocinadores e colaboradores		Presencial	2 horas
Responsabilidade civil na xestión deportiva	Prof. D. Rafael Alonso	Presencial	4 horas
Dirección e xestión de entidades deportivas	Prof. Dr. Vicente Gambau i Pinasa	Presencial	2 horas
Bases para a xestión de subvencións en clubs e asociacións deportivas	Prof. D. Juan Bautista Suárez Ramos	Presencial	2 horas
TOTAL HORAS			12 horas

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación Provincial da Coruña. O prazo de presentación, para as 6 edicións das xornadas, será do 4 ó 25 de abril de 2014 ámbolos dous incluídos.

Realizarase a través dun boletín de inscrición que se porá, a disposición das persoas interesadas na participación dos cursos, na páxina web da Deputación www.dicoruna.es/deportes

As prazas adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición.

Confeccionarase unha listaxe de reserva no caso de que a demanda de prazas sexa superior á oferta.

OS CURSOS SON GRATUÍTOS OFERTÁNSE SÓ PARA PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO MUNICIPAL DA PROVINCIA DA CORUÑA E PERSOAL DIRECTIVO/TÉCNICO DE CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS DA PROVINCIA.

A PARTICIPACIÓN INCLÚE:

- Clases teóricas
- Diploma de asistencia, sempre e cando se acredite unha asistencia mínima do 80% da carga lectiva e se cumpran os requisitos de participación
- Carpeta con material didáctico do curso